



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- A pesar de todo, na festa da Vida

Abrimos esta Crónica con esta afirmación, o sentido da cal adiviñará doadamente quen isto lea. Estamos a día de hoxe, cando enceto o meu traballo de cronista, na semana seguinte á festa da Pascua, é dicir, a festa da Vida: da Vida de quen morreu de amores e servizos, e da Vida de cantos homes e mulleres buscamos envolver en Vida, en Vida boa («Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo», afirmaba Xesús (Xn 10, 10), os días e noites da nosa existencia moitas veces precaria. Pero deste aire de Vida inflamounos a Pascua recente e o personaxe querido que a protagonizou, e con este aire de Vida queremos soste a nosa esperanza cotiá. A pesar de todo.

Pero, ao tempo, a morte ferve a cachón ao noso redor e da maneira menos disimulada no formato de guerras das que se fala a diario (Palestina, Gaza, Ucraína) e das que non se fala (Sudán do Sur, poñamos por caso). En todas elas sen diferenza o máis nobre da condición humana queda estrado polo chan, amasado con sangue e destrución, amasado con vidas. E pasan os días e os meses e todo segue igual, co incremento, iso si, da paixón destrutiva, que nos deixa humanamente aleutas, asombradas. O último, que, por desgraza, non será o derradeiro, soubémolo estes días cando o exército israelí non dubida en linchar sete membros da ONG de José Andrés, ou cando os medios de comunicación informaban do uso da IA (Intelixencia Artificial) por parte dese mesmo

exército, para supoñer (non saber con seguridade) cantos e onde estaban agochados os posibles membros de Hamás, para dese xeito a calquera hora do día ou da noite, mellor da noite, poder varrer a casa dun misilazo, sen importarlles que no estoupido fenezan 5, 10, 15 persoas inocentes.

Diciamos que todas as guerras teñen parecidas formas de inhumanidade, pero descolócanos máis a de Israel por ser un pobo pretendidamente democrático e moderno, por formar parte dos nosos antepasados da fe cristiá, e por ter pasado, como sufridores, por diferentes fitos históricos nos que en propia carne palparon o que é ser un pobo abusado, desprezado, gaseado.

E xa dubidamos de que o factor relixioso, moi vivo en sectores do goberno e da poboación, israelí, estea ou non exercendo un papel de contención ou de excitación de tanto sadismo. Hai poucos días, na Vixilia Pascual, escoitabamos unha vez máis, con exasperación, pasaxes do relato da liberación de Exipto (Ex 7, 1-15, 21), no que o tándem Moisés-Deus

organiza e executa a aniquilación dos primoxénitos exipcios (xente nova, mesmo infantes), á que precederan as dez pragas, e á que seguirá a destrución do exército exipcio polas ondas do mar Vermello.

Unha lectura reconvertida destes textos terribles poderíase reducir a que Deus está tenazmente en contra de calquera proceso de abuso persoal, grupal, étnico; pero isto volveríase contra o mesmo goberno israelí, por estaren facendo hoxe o que noutrora fixeran co seu pobo; e por iso quizabes lles resulta máis doado tomalos ao pé da letra e xustificar así os seus actos abominables, e facelo incluso no nome e por mandato do mesmo Yhavé.

En fin, e non nos quedemos co que fai ou deixa de facer o actual goberno de Israel. Xustificacións para o abuso, mesmo xenocida, hainas cantas se queiran. Así somos.

2.- Levadas pola man de «*Hermanito Miñán*»

Seguro que teredes noticia da aparición deste libro, e que mesmo o teredes lido e gozado, ao

tempo que coa súa lectura se vos comoveron as entrañas. Nunha lingua nativa de Guinea Conakri «hermanito» dise *Miñán*, e por iso a editorial Blackie Bookx quixo titular así as páxinas escritas por Elhadj Ibrahima Balde, inmigrante dese país africano, onde nacera no 1994.

Ibrahima sae da súa terra na procura do seu irmán menor, Alhassane Balde, ao ver que non volvera á casa e que supostamente se lanzara á aventura europea sendo un adolescente. Cruza o Sáhara, sabe da morte do irmán, cruza o Estreito, fame, sede, dor, abusos das mafias... aos 3 anos vémoste en Irún. Alí, no 2018, atópase con Amets Arzallus de Hendaya, voluntario dunha rede de acollida; establecen unha sólida relación e Amets vai poñendo por escrito o que Ibrahima lle vai contando da súa vida. O mesmo día de setembro do 2019 no que a edición do libro entraba a imprenta, Ibrahima recibe a seguinte notificación da Comisaría de Irún: «Resolución: Denegar o dereito de asilo así como a protección subsidiaria». Un sen papeis máis. Actualmente traballa de aprendiz nun taller de camiós.

O libro é áxil, vivo, encantador, humanísimo, duro, porque nos sitúa ante o cru feito da inmigración e da situación do inmigrante en España e no resto de Europa. Por iso parécenos un bo libro para que o seu autor nos acompañase ao Parlamento europeo o día 10 de abril, para sermos testemuñas abraiadas da aprobación do Pacto Europeo de Migración e Asilo que si unifica as políticas migratorias, pero endurecendo as condicións de entrada e de devolución; apóstase entre outras cousas pola distribución obrigada das persoas migrantes con sancións económicas se non se cumpre, e acentúase a práctica de pagar con diñeiro a contención en países límite. Para a CEAR (Comisión Española de Axuda ao Refuxiado) o pacto será devastador para os dereitos humanos pois trátase ante todo de que as persoas migrantes non cheguen e, se chegan, podelas expulsar o máis axiña posible.

Pero, velaí, xustamente a véspera, martes 9, Ibrahima Balde podería choutar de contento vendo como pretiño de 700.000 firmas españolas fixeron posible unha ILP (Inicia-

tiva Lexislativa Popular), solicitando que se debatesse no Parlamento español a proposta de regulación extraordinaria para uns 500.000 migrantes sen papeis que están traballando de forma ilegal si, pero traballando, contribuíndo ao crecemento económico de empresas e do conxunto do Estado, pero sen dereitos de ningún tipo. Unha anomalía chea de inhumanidade polas catro beiras. O debate da ILP foi aprobado por todos os grupos político, agás VOX. Agora queda o importante: que se resolva con axilidade poñendo nas mans da poboación migrante traballadora –adoito na economía oculta– todos os dereitos que lle pertencen, coma a calquera españoaliño máis.

Dentro da numerosísima cantidade de grupos de todo tipo que posibilitaron coa súa recollida de firmas esta ILP estivo, e con forza, Cáritas e a Igrexa Católica en xeral. O mesmo episcopado manifestouse a favor con contundencia e con palabras do seu estreado Presidente, Luís Argüello, que o noso Ibrahima escoitaría con gusto, como con gusto lería, se llas puxesen nas mans, as

declaración que publicou en «*Religión Digital*» o novo Presidente da Subcomisión episcopal para as Migracións e a Mobilidade Humana, o bispo de Mondoñedo Fernando García Cadiñanos, das que recollemos este significativo parágrafo:

«Detrás deses sentimentos o que hai na base é un medo á perda de benestar, o que deriva nunha aporofobia: o que non queremos son, en definitiva, os pobres. Eses son os que nos estorban».

E aproveitamos para informar da concesión ao bispo García Cadiñanos do premio do periódico dixital Galicia Ártabra 23-24 de entrega aos demais. Parabéns de corazón, irmán bispo!

Estaría moi ben que o noso amigo de Guinea Conakri puidese ter participado nas XLIII xornadas de delegados e axentes de pastoral con persoas migradas, que se celebraron en Madrid os días 26-28 de abril con lema: «Construíndo comunidades acolledoras, integradoras e misioneiras», que, partindo do documento previo da CEE sobre «Comunidades acolledoras e misioneiras», apro-

bado no Plenario da CEE en marzo, formularon conclusións e acordos para poder cumprir cos obxectivos de acoller ensanchando a propia tenda, e de misionar saíndo ao encontro da xente necesitada.

(Para abundar nos sentimentos e nas decisións que todo isto suscita, podemos ver a excelente película de Benito Zambrano «*El salto*», 2024. Curiosamente o protagonista leva o nome do actor real do libriño que antes comentamos: Ibrahim).

3.- Un Sínodo que sabe a máis que a Sínodo

Igual é ben situármonos no momento sinodal no que na Igrexa estamos. Realizada a Segunda Sesión do sínodo entre o 2 e o 27 de outubro pasado, presentáronse os resultados do traballo feito. Como continuar? Pareceulle ao Papa –supoñemos que procedendo sinodalmente, xaora–, que os temas a abordar na seguinte etapa do outono deste ano 2024 excedían as posibilidades duns grupos sinodais estruturados coma na etapa anterior. E esa foi a razón que levou ao Papa e os seus asesores/as a complementar o

traballo dos grupos sinodais con outro traballo paralelo feito para o Sínodo por uns equipos especializados, que o poidan levar a cabo con garantías teolóxicas, canónicas e pastorais. Por iso o 22 de febreiro pasado escribelle unha carta ao cardeal Mario Grech, secretario xeral do Sínodo, na que, despois de expresar isto, dispón «que se asignen a Grupos de Estudo específicos, coa finalidade de poder examinar (*eses asuntos*) axeitadamente». Grupos que serán constituídos «chamando a participar Pastores e Expertos de todos os Continentes, e tomando en consideración non só os estudos xa existentes, senón tamén as experiencias máis relevantes en curso no Pobo de Deus reunido nas Igrexas locais». E pide que eses grupos, por suposto, «traballen segundo un método autenticamente sinodal». Todo iso contribuirá a que a asemblea outonal poida responder mellor á pregunta base: «Como podemos ser unha igrexa sinodal en misión?»

Estes grupos concluirán o traballo antes de xuño e presentarán un informe do mesmo na sesión sinodal do outono. E

os temas que deberán traballar serán os seguintes:

1. Aspectos das relacións entre as Igrexas orientais católicas e a Igrexa latina.
2. A escoita dos berros da xente empobrecida.
3. A misión na contorna sinodal.
4. A revisión da Organización Fundamental da Institución Sacerdotal (seminarios) en perspectiva sinodal misioneira.
5. Algunhas cuestións teolóxicas e canónicas ao redor de formas ministeriais específicas.
6. A revisión, nunha perspectiva sinodal e misioneira, dos documentos sobre as relacións entre Bispos, Vida Consagrada, Movements eclesiais.
7. Algúns aspectos da figura e do ministerio do Bispo nunha perspectiva sinodal misioneira.
8. O papel dos Representantes Pontificios nesa mesma perspectiva.
9. Criterios teolóxicos e metodoloxías sinodais para o

discernimento sobre cuestións doutrinais, pastorais e éticas controvertidas.

10. A recepción dos froitos do camiño ecuménico na praxe sinodal.

Visto todo isto (o prolongación dos tempos, a ampliación de cuestións), por unha parte temos a sensación de que o Sínodo se está sobrepasando a si mesmo, collendo unha forma case que conciliar sen selo, e pola outra, que os ánimos para os grupos base de traballo están afrouxando. En moitas dioceses estíbbase en ou víñase de procesos sinodais particulares recentes, as xuntanzas multiplícanse sen medida tendo en conta a escaseza de responsables pastorais. De tanto cargar o carro, pode ser que mesmo rebenten as rodas. Agardemos a ver, mellor, impliquémonos a ver.

4.- Un novo Misal vello en galego

Falamos na Crónica anterior do proceso de galeguización da liturxia entre nós: a publicación do Misal Romano en galego no 1987 marcara un fito importante neste proceso. Pois ben, a Provincia Eclesiástica de San-

tiago de Compostela «coa axuda e mecenado da Xunta de Galicia» (Misal, p. 5) vén de publicar unha reedición actualizada do mesmo.

Se estamos ante unha reedición simplemente, xa entendemos que basicamente estamos ante o mesmo Misal do que dispoñiamos. En efecto, as variacións respecto do anterior están na revisión lingüística para adaptar os textos á normativa galega actual, no tipo e tamaño da letra empregada, na substitución das imaxes que ilustran o libro: antes eran reproducións de obras de arte relixiosa, existentes en diferentes lugares de Galicia e agora son recreacións de iconas, pero non se di cal é a icona de orixe nin quen é o «copista». Tamén actualiza o calendario e os formularios do Santoral, e máis a inclusión no Misal do texto da 3.^a edición da Ordenación Xeral do Misal Romano.

O Misal, logo, segue a ter os mesmos méritos dun Misal posconciliar, caracterizado especialmente pola presenza doutras pregarias eucarísticas distintas da pregaria eucarística I, ou Canon Romano; pregarias novas

que desenvolven a acción de grazas eucarística cunha orde máis lóxica e cunha linguaxe teolóxica algo actualizada; e tamén pola rica variedade de formularios distintos para distintas celebracións de santos e santas e doutras circunstancias referidas ás propias persoas e realidades da vida cotiá que se poden dar no mundo de hoxe.

Pero, se ten os mesmos méritos, ten tamén os mesmos deméritos, que fundamentalmente se refiren a presentar o feito relixioso con estruturas teolóxicas propias dos primeiros séculos do cristianismo, moi en consonancia co contexto cultural grecorromano, no que Deus e a súa acción eran vistos e descritos con formatos míticos; cousa que non é significativa para unha cultura tan diferente como é a dos nosos tempos. Sen desapegarnos do fundamental da nosa fe, a comprensión de Deus, do mundo, da creación, do ser humano, da salvación, ...demanda hoxe outras maneiras de entenderse, formularse e tamén orarse, celebrarse.

Así, entre outras cousas, é rechamante a presenza repetida de fórmulas de pregaria

que acentúan unha imaxe de Deus que non se corresponde con convencementos teolóxicos cristiáns fundamentais. Non se pode estar repetindo ata a fartura eses «ten piedade, Señor!», ou «escoita e ten piedade», transmitindo que Deus é duro de corazón (sómolo nós), ou duro de orella (tamén o somos nós). Pódese perfectamente subliñar a nosa fragilidade ante Deus, a necesidade imperiosa do seu apoio, a responsabilidade da nosa colaboración coa acción de Deus con outro tipo de expresións, p. ex., para a resposta das preces: «Confío en ti, Deus bo, conta comigo».

Sentimos tamén que non haxa sensibilidade para ir incorporando unha linguaxe inclusiva nos textos que empregamos. Sen esaxeracións, poderíase aproveitar a ocasión para ir dando pasos nesa liña. Que saibamos, entre nós e nos nosos arredores non hai nada feito nesa dirección, como non sexa a obra titulada «*Nuevo Testamento. Una adaptación al lenguaje inclusivo y canario*», obra loxicamente da Igrexa canaria. Un texto ben logrado, unha edición moi coidada e ao prezo duns 14 €!

E xa que nos largamos ata Canarias, con máis razón podémolo facer ata Valencia, pero xa non con tanta satisfacción. Alí, co asunto da asunción do valenciano como lingua litúrxica aínda están, como dicimos entre nós vulgarmente, coa casca no cu. A tensión valenciano-catalán está moi presente. Custa aceptar que o valenciano é unha modalidade do catalán. Por iso recentemente a Real Academia de Cultura Valenciana acusou o arcebispo Benavent de Valencia de «catalanizar os evanxeos», e todo pola publicación do libro «*Evangelii per a cada día*», editado polo arcebispado cunha linguaxe culta do valenciano que o aproxima, loxicamente, ao catalán. O arcebispo Benavent está facendo unha aposta polo valenciano, e isto incomoda a certa xente.

E veña, chegados aquí polo fío da lingua, agradezamos unha vez máis ao equipo de SEPT o seu extraordinario traballo. Un equipo que se vén de renovar. Director: Silvestre Gómez Xurxo; Vicepresidente: Emilio González Avión; secretaria: Raquel Gómez Fuentes; tesoureira: M.^a Carmen Rodrí-

guez Lorenzo; vogais: Charo Baleirón Sónora e Nuria Núñez Elissetche. Parabéns e a continuar co excelente traballo feito. Contade con *Encrucillada*.

5.- Xuntando fe e vida

Se alguén se achega ao seo das dioceses e mesmo das parroquias, pode ser que nalgúns casos non atope moita vida, moita proposta pastoral creativa, pero tamén é certo que existen dioceses e parroquias que miran maneiras de desenvolver unha presenza cristiá no medio da sociedade que sexa significativa, que ofrezca o que ten que ofrecer: cousas e causas do evanxeo de Xesús. Podo falar, por proximidade, da diocese de Mondoñedo-Ferrol, e podo falar, neste caso de oídas ou de «lidas», da arquidiocese de Santiago de Compostela; quizais simplemente polo feito de seren animadas nestes momentos por bispos nomeados de pouco, e, sobre todo, polo carácter e dinamismo destas persoas.

Pero en xeral móvense cousas, máis do que desde fóra nos podemos imaxinar. Delegacións, persoas, encontros, accións, afáns de evanxeliza-

ción, que igual non sempre darán os froitos que se soñan, pero polo menos sóñase e fanse cousas que posibiliten avances. Máis dunha vez témonos referido a ese traballo, e máis dunha vez tamén sentimos non poder ou saber espallalo máis.

Hoxe, emporiso, queremos compartir o convencemento que temos de que a acción da igrexa, a máis de dedicarse ao que considera «seu», estaría ben que atendese tamén a asuntos que acontecen na sociedade, e que, por seren asuntos fortes, son, deberían ser tamén «seus».

Referímonos hoxe a catro que preocupan a sociedade galega neste momento: a posible instalación na bisbarra da Ulloa dunha fábrica de celulosa, o deterioro do servizo de saúde, especialmente na atención primaria, a situación da nosa agricultura e gandería e o traballo «indecente» nas mans de moitas persoas migrantes.

O así chamado proxecto ALTRI dunha empresa portuguesa, apoiado ata agora polo Goberno Galego e, se vai adiante, sustentado substancialmente tamén por cartos que veñen de Europa, pretende

reconverter a fermosa e riquísima bisbarra da Ulloa nun espazo industrial dedicado a elaboración de non se acaba de saber ben o que, aínda que a celulosa anda polo medio; e, se anda a celulosa, andarán os eucaliptos, que ata o de agora ían respectando o sur de Galicia, e andarán todos os derivados que xa coñecemos pola experiencia de ENCE.

Está habendo moita protesta social, e mesmo política; cómpre que sexamos ben coñecedores do que se quere e como se quere facer alí, e cómpre que teñamos nas mans elementos sólidos de valoración, para saber apoiar ou non. A *Laudato Si'* do Papa Francisco pode ser un bo instrumento de traballo, co que desde a Igrexa podemos contribuír a que o capital non engorde á conta da dignidade da «casa común», como moitos cren que, unha vez máis, así será.

A sanidade pública, a atención primaria especialmente, está pasando por unha grave crise. A cousa simplifícase dicindo que non hai médicos para substituír axeitadamente –confírmao a xente–, ou afirmando desde a Xunta que non

hai médicos porque desde o estado non fixeron os deberes.

Xente do sector, ben coñecedora do que sucede, recoñece que a Lei Xeral de Sanidade do 25 de abril do 1986 foi a que marcou un claro antes e despois en asuntos de sanidade: universalización e gratuidade do servizo, estruturación por niveis, e importancia moi especial para a atención primaria, para o que se dotou de locais e servizos completos todos os concellos do Estado, co criterio de que unha boa atención primaria, próxima ao paciente, era unha peza chave para garantir un bo funcionamento do sistema.

Pois agora, cando detectamos un deterioro do servizo sanitario no seu conxunto, os entendidos manifestan que unha das causas importantes é que a atención primaria está mal atendida, porque falta persoal básico, porque se lles amorea o traballo, pola menor retribución, polo cansazo..., e non hai persoal porque os médicos MIR, por estas mesmas razóns, non optan pola especialidade de atención primaria, senón por cousas como dermatoloxía (na que a estética da pel xoga un

papel importante), que renden máis economicamente e molestan menos.

E nesas andamos. Os centros de saúde, sobre todo do rural, están sendo irrecoñecibles, co que de paso se incide nunha das razóns polas que a xente, se pode, abandona as aldeas. A sanidade segue a ser gratuíta no papel, pero cada vez empuxa máis ao gasto privado para cubrir servizos que antes facía axilmente a administración. E a xente máis pobre aguanta como pode.

O terceiro tema era o da realidade da nosa agricultura e gandería, é dicir, o tema do noso mundo rural, das nosas aldeas. O abandono nunca é porque si. Sempre ten razóns, e as razóns económicas adoitan estar en primeira liña. Non compensa traballar no campo se un acaba traballando a perdas.

Custa pensar que, nun momento de cambio climático, cando as zonas abundantes en augas son especialmente apetecibles, as nosas terras deixen de producir todo o que garante unha soberanía alimentaria para gando e xente, e se deixen terreos a monte ou

acaben sendo acaparados por empresas, moitas delas de fóra, dedicadas á minaría, aos eólicos, a celulosas. Afóganse as pequenas explotacións familiares e poténcianse as de grandes dimensións. Péchanse centos de explotacións cada ano, van morrendo as aldeas, e non se fai nada por cambiar a marcha das cousas. Ao revés, vanse pechando recursos e servizos que poderían facer apetecible a vida nos pequenos concellos. A reordenación do territorio con urxentes concentracións parcelarias está por facer en grande medida. O movemento cooperativo non acaba de coller corpo entre nós. E só unha pequena parte de persoas segue loitando por aproveitar a produtividade das nosas terras.

E por último o do traballo indecente, que soportan sobre todo persoas que veñen de fóra, e que se prestan con facilidade a calquera abuso laboral, con tal de facer algún cartiño. Para eles a lexislación laboral sobra, a opacidade que os envolve é grande, e quen sae gañando é o empresario que non se corta á hora de aproveitarse da ocasión, ás veces querendo adrede, ás veces condescendendo en parte

co mesmo xogo do demandante ilegal de emprego.

Catro grandes temas, para os que agardamos unha resposta sería das diferentes administracións interesadas, e para os que non debería faltar a presenza e compromiso das persoas crentes.

6.- Encontro de empresarios católicos en Santiago

Seguindo en parte co asunto anterior, queremos facer mención aquí do II Encontro de Empresarios Católicos, celebrado en Santiago de Compostela os días 11 e 12 de abril, para reflexionar sobre «Ética, Ben Común e Sustentabilidade». No ano 2022 celebrárase o I Encontro, naquela ocasión dentro das propostas do Ano Santo Xubilar, e versara sobre «Doutrina social da Igrexa, Economía do ben común, e Os empresarios no labor social da Igrexa». Neste ano os temas a traballar foron «Ética, Ben Común e Sustentabilidade».

O traballo desenvolveuse en realidade durante o 12 de abril, xa que o 11 pola tardiña estivo dedicado á recepción dos

participantes –uns 200 entre empresarios, directivos, profesionais e outras persoas invitadas–, á asistencia á Misa do Peregrino na Catedral e á cea. O 12 déronse tres conferencias: a primeira por parte de Vincenzo Plagia, titular da Pontificia Academia para a Vida, que falou sobre Ética; a segunda pronunciouna Benigno Pendás, presidente da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas, que falou sobre Ben Común, e a terceira correspondeulle a Jesús Conill, catedrático de Filosofía Moral e Política da universidade de Valencia, que falou de Sustentabilidade. A cada unha das conferencias seguiu unha mesa redonda moderada por unha persoa cualificada, como cualificados en cada tema eran as 4 persoas que interviñan e respondían a preguntas.

Foi un congreso moi oficial, por dicilo dalgunha maneira. Non faltaron os bispos galegos, tampouco o Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, o Presidente da Confederación de Empresarios de España, Galicia e cada unha das provincias galegas. Estivo presente o Nuncio, Bernardito Auza, e o Presidente da CEE, Luís Argüello.

Nin asistimos ao encontro, nin tivemos acceso aos contidos do alí exposto e falado. Supoñemos que as palabras serían ben ditadas, e que os contidos responderían ao que cada un dos temas expostos –Ética, Ben Común e Sustentabilidade– podían dar de si desde unha conciencia eclesial, católica. Outra cousa será ver como en realidade se aplican os principios aplaudidos no traballo de cada día, cando hai que xestionar unha empresa, gañar con ela, responsabilizarse dos dereitos laborais das persoas traballadoras, e mesmo compartir beneficios, cousa ningunha delas nada doada. Por iso, dentro da listaxe de persoas asistentes e invitadas botamos en falta líderes ou representantes sindicais, que algo terán que aprender ao respecto e algo terán tamén que dicir. Non sabemos se declinaron asistir sendo invitados, ou se non asistiron por non seren invitados pensando que, non sendo empresarios, a cousa non ía con eles.

O encontro foi impulsado polo arcebispo de Santiago Francisco José Prieto Fernández. Parabéns!

7.- *Dignitas infinita*

Así se titula a Declaración sobre a dignidade humana do Dicasterio para a Doutrina da Fe, publicada o 8 de abril do presente ano. Remitímonos ao mesmo texto da Declaración para, en palabras do seu Prefecto Víctor Manuel Fernández, aclarar que:

«A elaboración do texto, que durou cinco anos, permítenos comprender que estamos ante un documento que, debido á seriedade e centralidade da cuestión da dignidade no pensamento cristián, necesitou un considerable proceso de maduración para chegar á redacción final que hoxe publicamos».

E, por que non?, copiamos tamén as palabras do mesmo autor presentando os contidos do escrito:

«Nas tres primeiras partes, a Declaración recorda os principios fundamentais e os supostos teóricos para ofrecer importantes aclaracións que poidan evitar as frecuentes confusións que se producen no uso do termo ‘dignidade’. Na cuarta parte, presenta algunhas situacións problemáticas actuais nas que non se recoñece axeitada-

mente a inmensa e inalienable dignidade que corresponde a todo ser humano. A denuncia destas graves e actuais violacións da dignidade humana é un xesto necesario, porque a Igrexa está profundamente convencida de que non se pode separar a fe da defensa da dignidade humana, a evanxelización da promoción dunha vida digna e a espiritualidade do compromiso pola dignidade de todos os seres humanos».

É no c. 4 da Declaración onde se concretan algunhas realidades actuais, non todas, onde se constata a violación desa «Dignidade infinita» que se nos debe a todo ser humano simplemente por selo. Na mesma introdución sinalase que foi expresamente o Papa Francisco o que quixo que se inclúsen as concrecións. Nos nn. 33-34 faise un rápido repaso de múltiples prácticas humanas que feren a dignidade da persoa, para logo deterse en 13 que considera especialmente destrutivas. E estas son as realidades aludidas:

O drama da pobreza. A guerra. O traballo dos emigrantes. A trata de persoas. Os abusos sexuais. As violencias contra as mulleres. O aborto.

A maternidade subrogada. A eutanasia e o suicidio asistido. O descarte das persoas con discapacidade. A teoría de xénero. O cambio de sexo. A violencia dixital.

De entrada parécenos ben importante que se supere dunha vez o binomio ante o que os documentos eclesiais de calquera nivel se mostraban contundentes: aborto e eutanasia, é dicir, comezo e final da vida, como se todo o longo intermedio de cada existencia fose insignificante.

A Declaración loxicamente é unha declaración aberta a todo o mundo, e ten aires de maxisterio: somos nós os que dicimos alerta ante unha serie de comportamentos que se están permitindo e mesmo promovendo, e que demolen a dignidade humana. E faise desde a seguridade en calquera dos casos. En ningún momento se ve un ton algo intermedio: cremos que as cousas deberían ser así, e mesmo temos avais sagrados para poder afirmalo; outros, que non cren nesas avais, pensan doutra maneira, a ver se entre todos imos avanzando... Unicamente no tema dos abusos

sexuais, ao que se dedica só o máis breve texto dun número, a Declaración recoñece consecuencias coa práctica eclesial: «Afecta tamén á Igrexa e representa un serio obstáculo para a súa misión. De aí o seu inquebrantable compromiso de poñer fin a calquera tipo de abuso, empezando desde dentro» (n. 43). Sobre «As violencias contra as mulleres» nin unha palabra de recoñecemento de prácticas eclesiais, pasadas e presentes, que van contra a igualdade e a dignidade das mulleres (nn. 44-46).

Sobre a teoría de xénero, sobre a eutanasia, sobre o cambio de sexo, incluso sobre a maternidade subrogada etc., non habería que manter algunhas portas abertas, en graza das persoas e dos casos concretos, en graza tamén dun estudo e dunha experiencia máis prolongada no tempo, e analizada desde diferentes perspectivas e consecuencias?

En todo caso, cremos que estamos ante unha interesante Declaración, que amplía perspectivas eclesiais, pero que, iso cremos, como tantos outros escritos, vai ser ignorada no

contorno extraeclesial. A nosa práctica será o que lle dea corpo, significado e transcendencia.

8.- Balance en unión da Igrexa Galega

Foi o xoves 2 de maio cando no hotel Oca-Porta do Camiño de Santiago as 5 dioceses de Galicia presentaron en conxunto a *Memoria Económica e de Actividades do ano 2022*. Fixérono coa presenza dos bispos das cinco dioceses, coa de autoridades civís, con representantes clérigos e seculares das respectivas dioceses, e cunha boa presenza dos medios. Certamente era unha novidade, a primeira vez que se facía algo así en conxunto, cousa que, ao noso ver, é ben meritória, como meritório é todo o que tenda a unirnos como realidade política e eclesiástica, para desde o recoñecemento práctico da nosa identidade podermos integrarnos con humildade e orgullo en conxuntos maiores civís ou eclesiásticos.

E, se a cousa era en si fermosa e digna de recoñecemento, non o foi menos o formato da presentación, segundo puidemos

percibir pola información que nos chegou. Abre o balance un vídeo no que cinco segrares va facendo referencia a unha historia de logo 2000 anos nos que a Igrexa estivo contribuíndo á transformación para mellor da vida da xente de Galicia. No pasado e no presente esa contribución desenvólvese en cinco accións: evanxelizadora, celebrativa, asistencial, educativa e cultural. Ofrécense cifras concretas referidas a cada unha destas accións. Cáritas, p. ex., signifícase no seu campo de solidariedade atendendo 71.808 persoas, con xente contratada e con 4.645 voluntarios/as; rexe 439 centros para mitigar a pobreza; 88 casas para persoas maiores, enfermas crónicas e discapacitadas; 27 centros de infancia e mocidade; 6 centros de rehabilitación de drogodependencias; 9 centros de defensa da vida; 7 centros de formación para a muller e vítimas de violencia e 17 centros para promover traballo.

Varios vídeos axudan a personificar esta información, ofrecéndonos o testemuño de seis persoas implicadas en diferentes accións: Sonia, Eva, Pablo, Yomina, Maite e Josetxo;

e Javier Acosta e Mari Carmen López fan o mesmo dunha forma presencial.

Como ben indica o título do acto, tamén se informa en grandes liñas do aspecto económico. Os ingresos totais para a Igrexa Galega son de 65.422.676,98€. Achegas directas dos fieis, 24 millóns longos; asignación tributaria, 19 millóns longos; patrimonio, case 7 millóns; outros ingresos por riba de 10 millóns, e de ingresos extraordinarios, logo 4 millóns e medio. Chámanos a atención que en Galicia as Declaracións da Renda con asignación para a Igrexa Católica só chegan ao 23,97 %, co que ocupa o cuarto máis baixo posto despois de Guipúscoa 14,78 %; Cataluña 16 %; e Biscaia 22,16 %. A media española está no 31,29 %. Non sabemos exactamente que pode querer dicir iso; quizais subsiste a idea de que «os curas, a Igrexa éche rica»; quizais o descoñecemento do labor existencial da Igrexa...

Quen así o queira pode acceder doadamente ao conxunto da presentación a través de internet, simplemente coa entrada *Igrexa de Galicia. Memoria Económica e de Actividades do*

ano 2022, incluídos todos os vídeos e, por suposto, a carta de presentación dos cinco bispos galegos. A presentación intenta poñer en valor o labor eclesial en Galicia e dalgunha maneira suscitar adhesións, en corpo e alma, en militancia de fe e en axudas económicas. Son 1.200 os curas galegos, que atenden 3.644 parroquias, que en si darían a 3 parroquias por cura; pero sabemos moi ben que iso non é así; como tamén sabemos, e cómpre dicilo con humildade, que detrás desas cifras subxace unha Igrexa débil, con fortalezas evidentes e con evidentes fragilidades. Pero isto, que cómpre ter en conta, terá que ser obxecto doutros balances necesarios.

9.- Seminario interdiocesano en Galicia

O 15 de maio, a punto xa de pechar esta Crónica, fíxose público un comunicado por parte do arcebispo de Santiago e dos bispos de Tui-Vigo e Mondoñedo-Ferrol, en forma de carta dirixida aos sacerdotes das súas dioceses, anunciando a creación dun Seminario Maior Interdiocesano con sede en Santiago de Compostela. Na misiva compar-

ten que despois dunha reflexión serena e fonda, consideran que esa decisión sexa «tal vez hoxe o único paso posible para ofrecer aos nosos seminaristas os elementos formativos necesarios que permitan vivir a identidade e espiritualidade do ministerio sacerdotal». Formación que debe reunir estas catro características: única (único e mesmo camiño discipular), integral (formación humana, espiritual, intelectual e pastoral), comunitaria e misioneira. Presentan esta decisión «como un camiño que somos convidados a percorrer xuntos, co fin de crecer como Igrexa ao servizo do noso pobo». Deberán contar, xaora, coa aprobación de Roma, e encomendan o necesario proceso previo e a futura responsabilidade de equipo formativo a tres curas, cadanseu da súa diocese: José Antonio Castro Lodeiro, por Santiago, Angel Carnicero Carrera, por Tui-Vigo, e Juan Manuel Basoa Rodríguez, por Mondoñedo-Ferrol.

Alegrounos moito esta información. Con eses nosos bispos estamos de acordo en que a medida é imprescindible, pois reforza as posibilidades dunha boa formación e ao tempo res-

ponde a unha realidade humana específica como é a de sermos pobo galego, que necesariamente debe ser tida en conta no proceso de maduración cara ao sacerdocio e no seu exercicio en Galicia. Por suposto que iso, querendo facelo ben, vai supoñer un traballo sereno e fondo, como dicían que fora a reflexión dos bispos en cuestión.

Todo o mundo pregunta por que as outras dúas dioceses non deron tamén ese paso, que razóns teñen os seus bispos para non sumarse ao mesmo, cando a realidade dos seus seminarios se atopa en circunstancias similares, sobre todo en Lugo, e cando era unha proposta moi seria do plan de renovación dos seminarios que aos bispos de toda España se lle fixeron no encontro que tivo lugar en Roma? Que lles impide dar este paso, que non supón nin moito menos desvincular os seminaristas das súas dioceses? Cuestións ideolóxicas, de modelos de seminarios, de modelos de curas? Coidamos que as súas dioceses e mesmo o conxunto da Igrexa galega ben merecería unha explicación das razóns que os levaron a dar un paso atrás nun momento tan sen-

lleiro para a recomposición da Igrexa en Galicia.

E por último, non entendemos moito por que un comunicado así se dirixe só aos sacerdotes diocesanos. Non é un pequeno sinal clericalista? Non facemos todos, todas, a Igrexa diocesana? Acaso non nos interesa a todos os membros da Igrexa o que se faga ou se deixe de facer nos nosos seminarios? Por que non un comunicado dirixido á toda a comunidade diocesana?

10.- Que mágoa, que mágoa!

E referímonos en concreto ao desenvolvemento actual da política española e de bastantes homes e mulleres que a exercen en primeira liña. A mágoa poderíamola expresar pensando noutras moitas realidades —e algunhas xa saíron nesta mesma Crónica—, pero neste momento referímola moi expresamente á forma e ao fondo co que se van revestindo día tras día as intervencións públicas de quen rexe os destinos de concellos, comunidades autónomas e o mesmo Estado.

Unha grande mágoa, por varias razóns. Primeiramente

por falla de sentido ético no exercicio dunha profesión que o esixe en plenitude. Falla de ética que se manifesta cando abertamente se delinque, cando se din da persoa contra-ria cousas que son mentira, ou que xa dan por feito algo que, en base a certos indicios, non poden ser máis ca conxecturas que deberían someterse a fino exame, mesmo xudicial. Falla de ética cando sen pensalo dúas veces –ou se cadra pensándoo– colocan o seu contrario no peor suposto posible, dando por seguras intencións e plans sempre maléxicos dos que logo o fan responsable.

Unha mágoa, porque o mesmo Presidente reconece, despois dunha algo estrambótica pausa de cinco días, a necesidade dunha rexeneración democrática por mor da extensión que vai collendo esta falla de ética, e tamén, coa boa pequena, a súa parte de responsabilidade, pero logo non deixa de aproveitar a oportunidade para reincidir el mesmo no que critica. E porque o xefe da oposición admite que estamos ante a peor xeración de políticos desde a volta á democracia, incluíndose tamén coa

boca pequena, pero logo segue coa mesma acidez de sempre, copiando e deixándose copiar entre as súas filas por ese ton acedo, insultante, negativo.

Unha mágoa, porque este estilo dos xefes de fila de ambos os lados está contaxiando a xente da mesma base política, e incluso o conxunto da sociedade, que ou entra a cornadas na mesma corrida, ou fai profesión de abstención política, renega do inestimable servizo da política, e soña, quen sabe, con mans duras e réximes que ben coñecemos.

Mentres os problemas da cidadanía están aí, necesitados na súa resolución da paixón que se gasta nesoutras lides. Cal poderá ser a solución? Non lles viría nada mal un denso exercicio de sinodalidade política; claro que en si mesmo o Parlamento, o Senado, os parlamentos das autonomías, os salóns de plenos das Deputacións, dos Concellos, son espazos propios para esta sinodalidade civil diaria, pero está claro que están convertendo eses espazos en todo menos en lugares de escoita, de debate rigoroso, buscando a maior confluencia, sumando ideas e esfor-

zos para que ao pobo a vida lle vaia mellor.

Alguén falou de que nalgún tempo dentro da mesma Igrexa española había voces e presenzas que tiñan prestixio como para dicir unha palabra que prestaba ser escoitada. Hoxe parece que tal cousa non se dá. E iso a pesar de que a mesma CEE publicou hai xa uns meses –24.11.2023– unha breve «Mensaxe ante a situación social e política en España», quizais máis dirixida ao Goberno, que non ao conxunto da clase política e mesmo da cidadanía. Unha Igrexa rigorosamente sinodal e ben temperada polo Espírito, cunha traxectoria continuada de saber estar, tamén sinodalmente, a carón da realidade política, podería converterse en referencia para unha sociedade escindida. Pero isto non foi, non é así. E máis que as ideas elementais do documento da CEE o que os medios difunden e chega á xente común son as estridencias dos Sanz e Muni-lla, que aran sempre no mesmo rego. Unha mágoa tamén, si, unha verdadeira mágoa.

11.- Se Clara e Francisco levantan a cabeza!

Coa Crónica pechada houbemos de volver á mesma para polo menos facer unha breve referencia ao caso das clarisas de Belorado, Orduña. Deron e darán que falar. Venden mosteiro en Derio (Biscaia), queren mercar outro en Orduña, enclave biscaíño entre Araba e Burgos, non dispoñen de cartos, aparece un donante anónimo, que dá, pero non o necesario para ir pagando nos prazos acordados; este donante acaba sendo identificado como o bispo sectario excomulgado Pablo de Rojas Sánchez-Franco, que a máis de lles querer axudar na débeda aparece tamén como un referente ideolóxico da comunidade. A abadesa firma un amplo documento –de feitaura subrogada, parece–, no que se sitúa con toda a comunidade, coa excepción dunha monxa de 80 anos, en clara postura de abandono da Igrexa Católica, optando por se poñer baixo da xurisdición do dito bispo sectario. Para eles todos os Papas posteriores a Pío XII son pseudopapas, o concilio Vaticano II foi herético, e a Igrexa Católica é a que estea representada por

persoas e grupos que seguen os canons, doutrinas e disciplinas previas ao tal concilio, é dicir eles, elas mesmas. A todo isto a abadesa, Isabel de la Trinidad, remataba o seu mandato a finais deste maio e cumpría, iso din, acelerar os pasos.

Ao capelán do mosteiro e aos bispos correspondentes (Burgos e Bilbao) a cousa pillounos cos pés no aire, e están vendo a maneira de subverter a situación, nada doado, ao que parece. Non somos quen de opinar moito. Crúzanse unha serie de fíos que fan peado desenfiar o urdido: poder, control, cartos, illamento (activo e pasivo), dependencia, liderado abacial potente, pero obtuso... Pero queremos incidir en algo ao que xa nos referiamos no punto anterior falando do ambiente político.

Tamén na igrexa, á nosa maneira, movémonos con acritude, con desprezo ás veces; temos palabras gordas para definir a uns e a outros; supoñemos malas intencións, ansias de poder... De diferentes maneiras houbo quen foi estendendo a idea de que este noso Papa ou era herético ou anda ás beiras de selo; e iso facíanlo sobre todo

curas, bispos, cardeais... En ocasións mesmo se lle nega a lexitimidade; con bromas ou sen elas deséxase que morra axiña (*la Sacristía de la Vendée*). E que se pode esperar dese clima? En ambientes políticos ese clima deriva en violencias verbais extremas, incluso en asasinatos, ou intentos de asasinatos. En ambientes eclesiásticos deriva en rupturas deste tipo, que son verdadeiras sentencias de morte espiritual.

Fronte a este clima de tensión, civil e eclesiástico, o excluído Papa Francisco ofrécenos o remedio radical da palabra, da comunicación, da escoita, da proposta, do respecto: a sinodalidade.

E con este resaibo na escrita, no corazón, despedímonos de quen nos lea ata a próxima. Oxalá que o verán nos axude a suavizar as tensións, todas. Oxalá que as vacacións nos temperen os corpos e os espíritos, para empezar logo o novo curso dun xeito tamén novo. Paz e ben, amigas e amigos. Soñando e cultivando a concordia, o entendemento, si, a pesar de todo.

Manuel Regal Ledo